



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Autorización de ocupación temporal do Local social da Campara para a creación de Casas do Maior. Exp. 2025/X999/000142

ANUNCIO

Mediante a resolución número 536/2025, de data 1 de xullo de 2025, a Alcaldía acordou:

PRIMEIRO: Poñer a disposición das persoas promotoras de proxectos de casas de maiores no Concello de Ponteceso, o inmobile local social da Campara, de planta baixa aos efectos presentación das correspondentes solicitudes de participación na convocatoria de axudas para a posta en marcha de casas do maior feita por Orde da Consellería de Política Social do 6 de xuño de 2025.

SEGUNDO: Aprobar as condicións para a efectiva autorización de ocupación dos inmobles:

a) Resultará/n adxudicataria/s da autorización de ocupación temporal do inmobile a/s persoa/s promotora/s que resulte/n adxudicataria/s das subvencións para a posta en marcha das casas do maiores no Concello de Ponteceso como consecuencia da resolución que dite a Consellería de Política Social ao abeiro da Orde do 6 de xuño de 2025. No caso de resultar adxudicataria da subvención máis de unha persoa promotora, a asignación dos locais farase por sorteo ou, de selo, acordo entre as adxudicatarias.

b) A autorización para a ocupación temporal dos inmobles realízase para a finalidade para a que se concede a subvención, de xeito que a perda da mesma ou a sanción derivada do incumprimento das obrigas impostas pola Orde do 6 de xuño de 2025 determinará a revogación da autorización temporal para a ocupación do inmobile.

c) Antes da súa formalización a a/s persoa/s promotora/s deberá acreditar atoparse ao corrente das obrigas coa Facenda local, a AEAT e a Seguridade Social.

d) A/s persoa/s promotora/s será responsable da actividade desenvolta para o que deberá contar coas autorizacións sectoriais pertinentes e máis cos seguros de responsabilidade civil que procedan. En consecuencia, o Concello non asumirá os gastos derivados de danos a persoas ou bens derivados da realización da actividade.

e) A/s persoa/s promotora/s comprométese a realizar as obras necesarias para adaptación dos inmobles cedidos conforme os requirimentos establecidos na orde da convocatoria. A tal fin, se achega orzamento estimado das obras necesarias para realizar a dita adaptación.

f) Así mesmo, a persoa a/s persoa/s promotora/sa comprométese a dotar de mobiliario as instalacións nos termos indicados na Orde que rexe a convocatoria das achegas.

g) A duración máxima da autorización de ocupación dos inmobles será de 5 anos coincidindo o seu inicio coa autorización definitiva da Casa de Maiores por parte da Xunta .

h) Ao remate da autorización de ocupación dos inmobles os bens mobles adscritos a Casa pasarán a ser propiedade do Concello, así como os que estean adscritos ao local social da Campara, así como as obras nel feitas, neste último caso. A tal fin levantarase un acta ao inicio e finalización da actividade para verificar cales son. Como mínimo, os bens e, de selo caso, as obras a entregar coincidirán cos que sexan obxecto de xustificación como gastos subvencionables a Xunta.

i) O Concello resérvase o dereito de facer enquisas de satisfacción dos usuarios do servizo ou supervisar a correcta execución da memoria de actividades proposta para a concesión da subvención, deixando a salvo as competencias e responsabilidades da Xunta en relación coa dita instalación.

j) En todo o non previsto neste decreto serán de aplicación as previsións contidas na ORDE do 6 de xuño de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2025 e 2026, e con carácter subsidiario, a lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

TERCEIRO: Dar publicidade deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal para garantir a libre concorrencia. Así mesmo, dar publicidade no taboleiro de anuncios municipal dos planos dos locais e orzamento de execución das obras de adaptación.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ponteceso, 1 de xullo de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2025/4393